

Atlántico

‘Repunantas’, o berro punk dunha parella sentimental e artística

O Museo do Mar acollerá hoxe un espectáculo singular, “Repunantas”, as punkis da literatura galega.

[Ana Baena](#)

23 de maio de 2026

https://www.atlantico.net/vigo/repunantas-berro-punk-dunha-parella_1_20260523-4287191.html

Xunta a poesía coa [música](#), pero tamén co teatro e co humor. Ao fronte, unha parella artística e sentimental, **Inma López Silva e Francisco Castro**, que transmite a súa química ao escenario. “**Para ser escritora en Galicia hai que ser moi punki**, unha repunante que sexa capaz soportar os atrancos e os machismos que se vai a atopar”. López Silva fala con coñecemento de causa, xa que coma o seu partener, ten varios títulos publicados. Durante o espectáculo farán un percorrido dende **María Balteiro**, soldadeira galega do século XIII, ata a autoras da actualidade. “Fuximos da típica declamación poética, eu recito e canto algúns temas musicalizados, acompañados por Fran”. Así, a poesía intercálase con cantigas como cando interpretan a poesía de **María do Cebreiro**, “Amar a Che Guevara”, de **Queizán** ou o rap de **Chus Pato**.

A comicidade roza o xénero clown. Castro atavía a súa testa con distintos complementos para meterse na pel a distintos personaxes que representan os prototipos de “machirulos”. “As escritoras aínda teñen que seguir sendo repunantas, no noso alegato final convidamos a ser moi punki”. A preparación do show foi divertido, pero tal e como confesa a artista, levalo a escena é moito mellor: “**Permítenos improvisar** e como nos entendemos tan ben, sae moi natural”. Recoñece que traballar en parella achégalles unha complicidade que aproveitan sobre o escenario. “Facemos chiscadelas moi caseiras e deixámoslos no aire, aos que saben que estamos xuntos failles grazas e os que non, quedan coa dúbida”.